

## CASAMENTO DA PULGA

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Unha pulga e unha mosca  
trataron de se casar  
fixeron as bolas<sup>1</sup> xuntos  
e faltáballes o pan.

Saiu a formiga  
do seu formigueiro.

-Se queredes pan  
eu son panadeiro.

-Agora meniña  
panciño xa temos  
fáltanos o viño  
onde o toparemos?

Saiu o mosquito  
do seu mosquiteiro.

-Se queredes viño  
eu son arrieiro<sup>2</sup>.



-Agora meniña  
viniño xa temos  
fáltannos manteis  
onde os toparemos?

Saiu a araña  
da súa arañeira.

-Se queres manteis  
eu son tecedeira.

Agora meniña  
manteis xa temos  
fáltanos a carne  
onde a toparemos?

Saiu o lobo<sup>3</sup>  
detrás do valado.



-Se queres carne  
eu son obrigado<sup>4</sup>.

-Agora meniña  
carniña xa temos  
fáltanos padriño  
onde o toparemos?

Saiu a rata  
por detrás do muiño.

-Agarrai no gato  
eu serei padriño.

-Agora neniña  
padriño xa temos  
fáltanos madriña  
onde a toparemos?

Saiu unha ra  
pola auga fría.

-Mandaime recado  
eu serei madriña.

-Agora meniña  
madriña xa temos  
faltan os danzantes  
onde os toparemos?

Saiu o sapo  
por moi arrogante<sup>5</sup>.

-No día da voda  
eu serei danzante.  
Foi un casamento  
moi adevertido.

Alí tivo entrada  
todo bicho vivo.

- Que sete cousas precisaban a pulga e a mosca para poder casar?  
Arrodea.

BICA PAN ZAPATOS TÍO CHAQUETAS VIÑO CULLERES  
MANTEIS PRATOS CARNE CABALOS LAPIS PADRIÑO  
AVOA MADRIÑA NAI DANZANTES PARAUGAS AUGA

1 – Poden ser empanadas ou doces feitos con fariña

2 – Persoa que transportaba mercancías en cabalos, burros...

3 – Terreo alto que está a carón dos camiños.

4 – Quen mellor che pode proporcionar a carne.


5- Altivo, que se cre superior.

- Que pedía a rata para ser padriño do casamento?

- E que pedía a ra para ser madriña?

- Para facer a tarta, a mosca e a pulga precisan 42 mazás, 260 amorodos e 37 peras. Cantas froitas precisan en total?


Coloca ben as cantidades.



Solución:

- A mosca e a pulga fixeron 400 invitacións. Xa enviaron 67. Cantas lles faltan por enviar?

Non esquezas as que te levas.



Solución:

Pista: O que queres saber é canto vai de 67 a 400.

- Separa as sílabas destas palabras e despois coloca cada letra no seu lugar.

**RATA ARAÑA RA FORMIGA SAPO PULGA GATO**

